

Emilia Pardo Bazán

*O despertar
dunha escritora*

Unidade didáctica
1º, 2º e 3º educación primaria
Profesorado

Patricia Angulo Miró



Esta unidade didáctica foi elaborada dentro do programa **Sinalarium** financiado integramente pola Deputación da Coruña.

Edita:
Real Academia Galega

DOI: <http://doi.org/10.32766/rag.374>

© Casa-Museo Emilia Pardo Bazán, 2020

© Patricia Angulo Miró, 2020

Casa-Museo Emilia Pardo Bazán

Rúa Tabernas 11

15001 - A Coruña

Tlf. 981 20 73 08

casamuseoepb@academia.gal

Lo indudable es que en cada uno de nosotros persiste la niñez hasta el límite de la ancianidad. No nos echemos de muy formales por comparación con los chicos, porque no hay tal formalidad, señores. *ABC. Gente menuda* [suplemento infantil] 16/I/1916.

Sinalarium é un proxecto financiado pola Deputación da Coruña no que traballa a Casa-Museo Emilia Pardo Bazán para desenvolver actividades e recursos que potencien a dignificación da vida e obra da escritora coruñesa. A través do programa *Sinalarium* propoñémonos visibilizar a súa figura, achegala aos máis novos e poñer en valor as mulleres como pezas fundamentais na configuración da sociedade galega, de xeito que se recoñeza o seu papel social, artístico e cultural.

A programación que aquí presentamos xira arredor da biografía da escritora coruñesa: unha escritora cuxa maneira de vivir e de pensar está máis preto do noso século que do século XIX en que ela naceu.

Coa finalidade de divulgar a súa vida, descubri-la e coñecela dirixímonos a vós, ao profesorado e ao alumnado de educación primaria, para ofrecervos un chisco de Emilia que vos axude a traballar a figura da escritora nas aulas. Estas actividades, pensadas para realizar no interior da escola, poden ser o paso previo á visita da Casa-Museo Emilia Pardo Bazán. Achegan unha visión íntima da escritora, porque sen coñecer a persoa resulta máis difícil comprender a súa obra.

Dentro da programación inclúese a visita á Casa-Museo Emilia Pardo Bazán. Aquí os escolares coñecerán en primeira persoa a vivenda da escritora, o que favorecerá un diálogo entre as aulas e o museo. As dinámicas utilizadas nas aulas e na Casa-Museo permitirán xerar espazos de toma de decisións e a realización de actividades e de responsabilidade do seu desenvolvemento.

Na parte final desta unidade engadimos algunhas actividades que se poden desenvolver na propia Casa-Museo. A proposta destas articúlase con dinámicas de xogo e observación visual do ambiente e dos obxectos e conceptos relacionados con Emilia Pardo Bazán, tratando de coñecer a historia da escritora dunha maneira activa e participativa.

Emilia Pardo Bazán chegou a ocupar postos de responsabilidade nunha época en que estaban vetados para as mulleres: presidenta da Sección de Literatura do Ateneo madrileño, conselleira do Ministerio de Instrución Pública, catedrática da Universidade Central de Madrid, presidenta honoraria da Real Academia Galega. Foi unha loitadora decidida e firme.

Como escritora, era curiosa e independente. A súa familia animouna desde nena a aprender e coñecer. Mergullouse na literatura desde os primeiros anos da súa vida, até convertela na súa profesión, nun soño cumprido. Chegou a publicar máis de 600 contos, 2 000 artigos de prensa, 37 novelas, conferencias, ensaios, traducións... En fin, a súa bibliografía é inmensa.

Esta é Emilia Pardo Bazán: muller, escritora, loitadora, activa, independente, curiosa, intelectual...

A programación, orientativa e extrapolable a outras materias, basease en actividades que procuran a pesca e o interese, o xogo e o coñecemento, que leven ao razoamento e ao entendemento dos temas que se tratan. A maioría das propostas pode ser utilizada nos cursos de educación primaria recomendados, se ben, o profesorado pode adaptalas ao seu alumnado, sempre buscando o maior aproveitamento.

Obxectivos

- ~ Acercar a figura da escritora aos escolares para un primeiro contacto.
- ~ Amosar mediante a biografía da escritora os aspectos máis relevantes da súa vida persoal e literaria.
- ~ Utilizar as súas propias palabras para dar a coñecer o contido da súa vida e obra.
- ~ Desenvolver a sensibilidade e a actitude crítica, empregando o diálogo como instrumento de comprensión das vidas alleas noutros contextos sociais e históricos.
- ~ Descubrir espazos museísticos novos, como as Casas-Museo, onde se transmiten a vida e a obra dun personaxe concreto.

6-8 anos (1º, 2º e 3º de educación primaria)

Esta programación vai dirixida a escolares de **1º, 2º e 3º de educación primaria**. As actividades que aquí recolleemos, baseadas na observación, escoita e comprensión, procuran, por unha banda, espertar o interese por unha das figuras mais salientables do século XIX e converterse en material didáctico de apoio para que o profesorado traballe as posteriores visitas escolares ao museo, constituíndo un nexos entre a actividade propia deste e as tarefas da escola.

OBSERVACIÓN	Favorecendo a comunicación entre todos os participantes das visitas.
ESCOITA ACTIVA	A través de dinámicas que faciliten a pesca de obxectos significativos na vida da escritora.
COMPRENSIÓN	Estimulando as capacidades do alumnado, xogando e creando historias que nos permitan entender a literatura de Pardo Bazán

Actividades na Casa-Museo Emilia Pardo Bazán

As actividades que se realicen na Casa-Museo levaranse a cabo guiadas polo persoal da institución. O número máximo de participantes é de 25 ou, no seu caso, unha aula. O profesorado pode contactar coa casa-museo para organizar a visita a través do teléfono 981 207 308 ou do enderezo electrónico casamuseoepb@academia.gal. Deberán indicar tanto a data preferida como a idade do alumnado destinatario.

Breve biografía de Emilia Pardo Bazán

Emilia naceu na cidade da Coruña no século XIX, exactamente o 16 de setembro de 1851. A súa nai, Amalia, ensinoulle a ler e escribir; o seu pai, José, fixo dela unha nena curiosa, independente, estudosa.

As palabras serven para coñecernos mellor, así que leamos as súas propias palabras:

Era yo de esos niños que leen cuanto cae por banda, hasta los cucuruchos y los papeles de rosquillas; de esos niños que se pasan el día quietecitos en un rincón cuando se les da un libro. Apuntes autobiográficos (1887).

De pequena xa lle gustaba ler. Un dos seus libros favoritos era **O Quixote**, mais tamén lle gustaban os libros de mitoloxía grega, os de aventuras e heroes, os de viaxes...

Á súa casa da Coruña acoden mestres para a súa formación. Gústalle estudar historia, literatura, idiomas ou filosofía, pero tamén ciencias como a botánica. O que non lle gusta é a música, polo que lles di aos seus pais que lle cambien as clases de piano polas de latín. E aínda que pode parecer divertido non ir ao colexio, iso fixo que tivese moi poucas amigas e amigos da súa idade, e que medrase rodeada de xente maior.

O seu pai abriulle as portas da súa biblioteca e, a partir dese momento, toda a súa vida xirou arredor dos libros. Canta emoción! Libros, libros de todos os tamaños e de todas as cores!, foi unha delicia para ela!

Un día se entreabrieron las puertas de hierro permitiéndome ver un nido de libros. Apuntes autobiográficos (1887).

A pesar de que era difícil que unha nena tivese a mesma educación ca un neno, ela tivo a sorte de ter unha familia que quixo que fose feliz, así que lle permitiron que se dedicase ao que máis desexaba: escribir. Nun comezo, cando era unha mocidade, escribía poesía, pero decontado se decatou de que prefería escribir outro tipo de literatura: contos, novelas, artigos de xornal...

Logo casou e tivo tres fillos. Cando tiña preto de trinta anos, chegou a oportunidade que esperaba. Escribiu novelas que falaban da súa cidade, das rúas, das prazas e tamén das persoas que vivían nela... A esta cidade, nas súas obras, chamoulle Marineda. Tamén escribiu moitos contos sobre personaxes reais, sobre lendas, sobre situacións...

Marchou traballar a Madrid, posto que alí se reunían os grandes escritores do país, e ela quería estar onda eles. Colleu as maletas... e fixo a viaxe da súa vida!

E falando de viaxar... desde nena un dos seus sonhos era coñecer outros países, outras cidades. A súa primeira viaxe foi a Madrid, pero despois chegaron moitísimas máis: París, Londres, Austria, Suíza, Italia, Barcelona, Sevilla, Santander... visitou moitísimos lugares. E, ademais, en cada viaxe aprendía algo novo.

Dos milleiros de cousas que lle ensinaron seus pais, houbo unha que fixo dela o que realmente foi, unha muller que sempre defendeu a súa maneira de vivir. Escribiu unha bonita frase:

no hay mujeres, no hay hombres, solo hay humanidad.

Unha maneira de dicir que todos e todas somos iguais.

Foi a primeira muller en ser socia dunha institución cultural, que era o lugar onde se reunían os grandes intelectuais do momento. Aínda que non era doado para as mulleres chegar a dar clases na universidade, Emilia logrou este soño: ser profesora catedrática da Universidade de Madrid.

Nunca deixou de escribir. Publicou decenas de novelas, centos de contos, miles de artigos de periódicos e revistas... Cando se fixo vella? Tamén probou a escribir obras de teatro...

Que muller tan especial! Nada se lle resistía!



**Proposta de programación
para escolares de 6 a 8 años**

Caderno para o profesorado

Emilia Pardo Bazán

O despertar dunha escritora

La familia es muy dulce y muy contraria a la afirmación de individualidad. En familia, casi no hay modo de almorzar gachas si los demás almuerzan chocolate o café. “La vida contemporánea”, *La Ilustración Artística* (14/IX/1908).

Para Emilia a familia sempre ocupou un lugar moi especial. O seu pai e a súa nai foron as dúas persoas máis importantes da súa vida. Amalia, a súa nai, foi quen lle ensinou a ler e sempre estaría moi unida a ela. José, o seu pai, converteríase na súa persoa de confianza; el sería quen a animase a facer o que máis desexaba na vida: escribir.

Actividade 1

A familia de Emilia

Nesta sopa de letras agárdanvos varios nomes de persoas moi importantes na vida da escritora. Todos son nomes dos seus familiares: dos seus pais, do seu marido, dos seus fillos... en definitiva, dos habitantes da casa da rúa Tabernas, o lugar onde pasou parte da súa infancia e xuventude. En total, tedes que atopar oito nomes, dous deles repetidos.

Cal será o motivo desa repetición?



Solución:

José Blanca
Amalia Carmen
José Emilia
Jaime Vicenta

Para saber máis

É o momento de coñecer as familias das nenas e nenos da aula.

Para iso cada escolar levará á aula unha fotografía da súa. Coas imaxes poderemos facer unha exposición na que cadaquén nos presente a súa familia.

- ~ Cantos son?
- ~ Quen son?
- ~ Que entendedes por familia?
- ~ Que membros poden compoñer unha familia?
- ~ Como me sinto coa miña familia?

Para completar a exposición de fotografías, cada alumno/a poderá facer un debuxo da súa familia.

Actividade 2

Quen é quen?

Agora que xa coñecedes os nomes dos familiares que viviron na súa casa da rúa Tabernas, só falta que saibades quen é quen na súa vida. Para iso, debes completar cos oito nomes da actividade anterior as oito seguintes frases, nas que se fala dos familiares de Emilia. Deste xeito coñeceredes o grao de parentesco entre eles.

1. O seu pai _____ fixo posible que Emilia lese e abriulle os ollos ás bondades da educación, aínda que non era moi habitual na súa época.
2. _____ doou a súa casa da rúa Tabernas á Real Academia Galega, o lugar onde se atopa o museo da escritora.
3. A súa nai chamábase _____ e gustáballe moito pintar. No museo podedes ver algún dos seus cadros.
4. Casou cun home chamado _____ que mercou o castelo de Santa Cruz.
5. _____, a súa filla pequena, acompañou a escritora toda a súa vida.
6. Sendo nena _____ tivo un soño: escribir
7. Toda a vida _____, a súa tía, viviu coa familia no mesmo fogar.
8. Escribiu un libro de poemas dedicado ao seu fillo maior _____.

Solución:


- | | |
|------------|-----------|
| 1. José | 2. Blanca |
| 3. Amalia | 4. José |
| 5. Carmen | 6. Emilia |
| 7. Vicenta | 8. Jaime |



Para saber máis

- Unha árbore xenealóxica é unha maneira de representar a nosa familia. Agora que xa coñecedes os familiares de Emilia, debuxade a árbore xenealóxica da vosa. Podedes acompañar os nomes de fotografías e tamén engadir outros datos, como o lugar e o ano de nacemento de cada familiar, o parentesco etc.
- Emilia sempre asinou os seus libros co seu nome e o seu apelido; ela estaba moi orgullosa da súa familia! Por iso na Casa-Museo podemos atopar as iniciais do seu apelido nalgúns mobles. Seguro que ela pescudou de onde viñan os seus apelidos.

Vós podedes facer o mesmo cos vosos. Os apelidos proceden de nomes, de lugares, oficios... Cada apelido esconde unha historia dos nosos ascendentes. Intentade coñecer a historia dos vosos apelidos; de onde veñen, o seu significado...



A MIÑA FAMILIA

Vinimos a establecernos en la Coruña, y en el vasto caserón severo y silencioso, donde ningún niño de mi edad me convidaba a jugar y correr, descubrí un tesoro... *Apuntes autobiográficos* (1887).


Actividade 3

Na procura dun tesouro

Coas súas palabras, Emilia achéganos á súa vella casa, un edificio do século XVIII onde hoxe atopamos a Real Academia Galega e a súa Casa- Museo.

Que clase de tesouro atoparía Emilia?

A única maneira de descubrir o tesouro agochado no vello caserón é converténdoos en escritores e escritoras. Coas vosas propias palabras continuade o texto de Emilia. Escribide ou debuxade dentro das nubes que tesouro puido atopar aquí Emilia...



Para saber máis

Pensade por uns momentos no voso futuro...

- ~ Que queredes ser de maiores?
- ~ A quen vos gustaría parecervos?
- ~ Cal é o voso soño?
- ~ Escribide unha historia sobre como credes que seredes de maiores.



Contra la clase de piano me rebelé en secreto, pareciéndome cosa inepta tanto moler con las escalas, arriba y abajo y vuelta y dale, y luego salimos con que todo es ejercitar los dedos: ¡Mal año para Listz! Pedí encarecidamente que me enseñasen latín en vez del piano... *Apuntes autobiográficos* (1887).

Actividade 4

As normas de Emilia

Emilia tivo a sorte de ir a unha escola en Madrid cando era pequena. A escola era un lugar moi importante para ela, pois alí aprendeu moitas cousas novas e ademais tiña amigas coas que xogar. Mais, ao pouco tempo, regresou á Coruña e nesta cidade xa non puido ir á escola, polo que os profesores ían á súa casa para que ela aprendese música, francés e outras moitas cousas que lle interesaban.

Pero non todo foi aprender e ler na vida de Emilia. Para unha nena do seu tempo era imprescindible saber comportarse, e para iso era necesario coñecer unhas cantas normas que debían rexer a educación na vida das persoas. Seguro que sabedes como comportarvos, o que podeades facer e o que non, o que é correcto e aqueles comportamentos que non o son. O que vos propoñemos é completar estas frases coa palabra correcta e construír un decálogo (10 normas) que se debe cumprir.

Decálogo de cortesía e educación

Todas as normas de educación son para cumprilas, presta atención e non esquezas ningunha.

Saudar - Ser disposto e servizal - Respecta os maiores - Por favor - Pedir perdón - Axudar - Chamar - Sorriso - Grazas - Benvida

1. Cando chegas a un lugar o importante é _____ e, se che preguntan, tes que contestar.
2. _____ sempre é esencial.
3. Un _____ vale tanto como unha palabra amable.
4. Se pides as cousas _____ terá moito máis valor.
5. _____, eles teñen os coñecementos que non podemos perder, saben contar historias que non podemos esquecer.
6. Equivocarse é normal pero se sabes _____ non o farás nada mal.
7. Non custa diñeiro e devolve un sorriso, só tes que dar as _____ se queres ser preciso.
8. Cando alguén o necesite, móstralle que podes _____, seguro que cho agradecerá.
9. é máis importante _____ que abrir a porta para entrar.
10. Se queres triunfar na cortesía, non esquezas dar a _____.

Solución:

- | | |
|----------------------------|-----------------|
| 1. Saudar | 6. Pedir perdón |
| 2. Ser disposto e servizal | 7. Grazas |
| 3. Sorriso | 8. Axudar |
| 4. Por favor | 9. Chamar |
| 5. Respecta os maiores | 10. Benvida |

Para saber máis

O Museo Pedagoxico de Galicia recrea os diferentes tipos de aulas segundo a época histórica e permítenos coñecer como era o ensino no século XIX. Podedes atopar máis información en <http://www.edu.xunta.gal/mupega/>

- ~ Investigade un pouco sobre a importancia da educación no século XIX.
- ~ Como eran as escolas?
- ~ Que materias estudaban os rapaces e rapazas?



Yo, al formar colección, no he mirado sólo reunir abanicos bonitos, sino a que en ellos haya algo curioso y que caracterice bien el momento de la historia a que pertenecen. El abanico es el más expresivo y revelador de los objetos de arte... *La Nación* (Argentina, 5/II/1914).

Actividade 5


O recanto de Emilia: os abanos

Conta a historia que xa no ano 2697 a.C. o emperador chinés usaba un abano para mitigar a calor. Tamén os faraóns do antigo Exipto utilizaban grandes abanos de plumas, igual ca os gregos, os romanos...

No século XIX e a principios do XX, entre as clases sociais máis favorecidas, o abano converteuse nun complemento dos traxes. O seu protagonismo foi indiscutible, pois non só eran obras de arte, senón tamén un medio de comunicación.

A Emilia Pardo Bazán encantábanlle os abanos. Foi unha gran coleccionista deles. Posuía abanos de todos os tamaños e con diferentes decoracións.



Podedes formar unha colección de abanos para a vosa aula. Cada un de vós decora un só abano: con ceras, plumas, abelorios... calquera cousa serve! Con todos eles podedes facer unha exposición na aula. Será o recanto de Emilia.



Para saber máis

Se os abanos xa se coñecían hai miles de anos, non pasou o mesmo cos grandes inventos que se descubriron no século XIX e principios do século XX, a época en que viviu a nosa protagonista. Moitos deses inventos cambiaron as nosas vidas. Nese tempo inventáronse a locomotora, a fotografía, o teléfono, o ascensor...

Buscade no colexio ou na casa coas vosas familias información sobre algúns deses inventos. Como sería a vida sen tren? E sen fotografías? Podedes explicar na clase o que sabedes sobre cada un deles: cando se inventou, quen foi a persoa responsable do invento, que supuxo para a sociedade...



La afición a viajar sin objeto determinado, por el viaje solo, no se ha difundido todavía. Causa cierto asombro que yo la profese. La vida contemporánea. *La Ilustración Artística* (16/X/1899).

Actividade 6

Unha viaxeira incansable

Ao longo dos anos, Emilia non deixou de amosar curiosidade polo coñecemento doutros lugares. Eran habituais as súas viaxes por Galicia, pola Península Ibérica e por Europa. En cada unha delas aprendía unha maneira de vivir diferente, os costumes doutros lugares, así como as historias máis enraizadas, todo o cal a enchía de novos coñecementos. Viaxar foi unha das mellores maneiras de abrir a súa mente e a súa creatividade.

Emilia dixo “Europeizémonos”. Que pensades que quixo dicir?

No seguinte mapa podedes colorear os países que visitou durante a súa vida. Intentádeo!


Portugal - Francia- Alemaña - Inglaterra - Italia- Suíza - Países Baixos- Austria



Para saber máis

Seguramente en cada viaxe por algún lugar de Europa Emilia aprendía novas cousas. Viaxar non é só coñecer monumentos e museos, tamén é coñecer outras xentes que viven e pensan de maneira diferente a nós, outras culturas e mesmo outras maneiras de divertimento. En Grecia, gústalles pasar o tempo de ocio xogando ao backgammon, en Italia ao scopa, en Budapest ao xadrez, en Holanda ás damas, en Inglaterra a *snakes and ladders*... Mais todos estes xogos, tan habituais neses países, non son orixinarios deles, senón que naceron hai moitos anos en Asia ou África.

Pescudade as orixes destes ou doutros xogos, como o dominó, o parchís, o xogo da oca... Podedes facer os taboleiros, redactar as normas e realizar unha exposición cos diversos xogos do mundo, tanto dos de antes como dos de agora.




A mí me ha tocado en suerte el país gallego, digno del mejor pincel por su romántica hermosura, sus variados aspectos, sus tradiciones y costumbres pintorescas, sus razas antiquísimas. *Apuntes autobiográficos* (1887).

Actividade 7

As cidades galegas de Emilia

Foi unha gran coñecedora de Galicia. Gustáballe ir de excursión e coñecer as paisaxes, a xente, os seus costumes e as súas tradicións. Buscaba lendas galegas para escribir sobre elas, pero tamén personaxes propios da súa terra, que situaba naqueles lugares que tan ben describía grazas á observación.

Escribiu novelas e contos ambientados en cidades como A Coruña, Santiago, Pontevedra, Ourense... ou en vilas como Sada, Carballiño, A Toxa, Sanxenxo, Betanzos... Son máis de 100 os lugares galegos nos que Emilia atopou inspiración para escribir os seus contos ou as súas novelas. Pero... Emilia cambiou o nome de moitos deles... Intentande descubrir como lle chamaba Emilia á cidade onde naceu, seguindo as liñas.



Solución:

Marineda

Para saber máis

- ~ Por que credes que lle chamaría así á Coruña? A que vos recorda ese nome? Inventade un nome para a vosa cidade ou vila.
- ~ Creade a vosa cidade literaria. Podedes inventar unha cidade nova ou empregar unha que xa coñezades ben. Inventade un nome, como son as súas rúas, cales son os edificios mais importantes, quen son os seus habitantes destacados. Debuxade o seu plano e varias imaxes dos seus monumentos.



Transcurrirán lustros, siglos, y sonreirá lo mismo que ahora, mientras a su alrededor corretearán niños que han de llegar a ser hombres y venir a los bancos del paseo, donde cuchichearán parejas de novios, sucediendo a otras que cuchichearon, sin que se interrumpa el eterno dúo, aunque lo entonen voces nuevas. “En torno de la mujer de piedra...”, *La Voz de Galicia* 10/XI/1916.


Actividade 8

Unha estatua para ela

Unha estatua pode ser un recoñecemento a unha persoa ou a varias; pode celebrar ou recordar un momento da historia. Polas rúas de todas as cidades atopamos estatuas de persoeiros que non sempre coñecemos, aínda que se andagásemos nas súas vidas aprenderíamos moitas cousas e coñeceríamos grandes historias.

Emilia Pardo Bazán presta o seu nome a máis de 80 rúas de Galicia e, desde o ano 1916, cando a escritora tiña 65 anos, ten unha estatua na súa honra na Coruña. Podémola ver na súa localización orixinal.

Para saber como é a estatua de Emilia, intentade construíla seguindo a liña de puntos e de letras. Unha vez rematada, por que non descubrides onde se atopa? Que podedes contar sobre ela?



Para saber máis

- ~ Diseña a túa propia escultura. Emprega materiais como plastilina ou barro para modelala.
A quen ou que queres homenaxear con ela?
Podedes facer unha exposición coas de todos vós e converter a vosa aula nun museo.
- ~ Descubride a quen representan algunhas das estatuas da vosa cidade e buscade algunha información sobre elas.





**Actividades
na Casa-Museo
Emilia Pardo Bazán**

Prolonguen ustedes esta línea de puntos suspensivos hasta donde quieran y transfórmelos en letras y que esas letras compongan palabras y esas palabras expresen una opinión. “La vida contemporánea”, *La Ilustración Artística* 25/I/1904.

Actividade 2

As palabras do museo

Grupo: 5 unidades
de 5 participantes

Espazo: todas as salas
Posta en común na sala 3

Tempo: 20 minutos

Anexo 1: fichas de xogo

A través desta proposta lúdica, os escolares teñen que percorrer o museo para atopar o nome correcto que se corresponda cunha definición relacionada coa vida da escritora ou ben con obxectos ou referencias presentes no propio museo. Deberán atopar o nome de 23 definicións, cada unha correspondente a unha letra do abecedario. O alumnado dividirase en cinco pequenos grupos. Cada un deles terá unha tarxeta con cinco ou seis definicións que teñen que localizar polo museo.

A posta en común da actividade servirá para potenciar os coñecementos xa que cada grupo deberá facilitar aos demais a información atopada. Deste xeito, o final da actividade servirá como complemento da biografía de Emilia Pardo Bazán e coñecemento do propio espazo no que se atopan.

Xogo de tarxetas para cada grupo

Letra	Definición	Resposta
A	Utensilio para dar aire, que pode estar feito de tea ou papel. Emilia colleccionábaos. Na Casa-Museo podedes ver tres deles	Abano
B	Conxunto ordenado dun número elevado de libros particulares ou destinados á lectura do público. Emilia tiña na súa case 14.000 libros	Biblioteca
C	Narración de feitos fantásticos e aventuras que se contan de maneira oral ou por escrito, como relato literario breve. Emilia escribiu máis de 600	Conto
D	Acción de doar ou ceder de maneira gratuíta a posesión de [algún ben] a favor dunha persoa ou institución	Doazón



Letra	Definición	Resposta
E	Persoa que escribe obras científicas ou, sobre todo, literarias. Era a profesión de Emilia	Escritora
F	Conxunto de persoas unidas por lazos directos de parentesco, especialmente o constituído polo pai, a nai e os fillos. Nesta casa viviu Emilia acompañada da súa	Familia
G	Todas as amizades de Emilia supuxeron para ela un apoio, mais dun deles chegou a dicir “Era el mejor de mis amigos”; de quen fala? Intentade atopalo	Giner de los Ríos
H	Conxunto de feitos ocorridos no pasado, que afectan a toda a humanidade, un grupo, unha persoa, unha institución, unha faceta concreta dese pasado etc	Historia

Letra	Definición	Resposta
I	Conxunto de coñecementos adquiridos, cultura xeral. Emilia consideraba que todas as persoas tiñan que tela	Instrución
L	Conxunto de follas escritas ou impresas, cosidas ou pegadas entre si e encadeadas	Libro
M	Nome literario da cidade onde naceu Emilia Pardo Bazán	Marineda
N	Obra de ficción en prosa, de certa extensión, na que se presentan uns personaxes nun medio e se dan a coñecer as súas aventuras, psicoloxía etc	Novela
O	Nome que se lle daba en Marineda á praza da Palloza	Olmeda

Letra	Definición	Resposta
P	Publicación que sae á rúa con intervalos regulares de tempo. Emilia chegou a escribir máis de 2 000 artigos nese medio	Prensa / Periódico
Q	Apelido do marido de Emilia	Quiroga
R	Nome da institución que ten a súa sede neste edificio	Real Academia Galega
S	Cada un dos membros dunha sociedade ou asociación de tipo comercial, deportivo etc. Emilia conseguiu ser a primeira nalgunha delas	Socia
T	Nome da rúa onde se encontra a Casa-Museo	Tabernas

Letra	Definición	Resposta
U	Institución docente formada por un número variable de centros (facultades, colexios, escolas) onde se realizan estudos superiores. Emilia chegou a ser a primeira muller que impartiu clases na de Madrid	Universidade
V	Apelido dun pintor coruñés amigo de Emilia e da súa nai. Na Casa Museo hai moitos cadros asinados por el	Vaamonde
X	Persoa afeccionada a realizar desprazamentos a un lugar ou país para visitalo	Viaxeira
Z	“Aquellas páginas no han podido escribirse en el tocador”	Zola

Los preparativos de las fotografías se realizan con un entusiasmo incandescente. Se derrochan placas, se aspira a fotografiarlo todo [...]. “La vida contemporánea”, *La Ilustración Artística* 19/IX/1904.

Actividade 3

A vida en imaxes

Grupo: 5 unidades
de 5 participantes

Espazo: todas as salas
Posta en común na sala 3

Tempo: 20 minutos

Anexo 2: fichas de
imaxes

No século XIX o xogo do “bingo” utilizábase para ensinar nomes de animais e aprender táboas de multiplicar, pois estimulaba a participación, favorecía a concentración, fomentaba as regras e agudizaba a memoria.

Neste xogo, os grupos dispoñen dunha tarxeta con imaxes do museo ou con algunha data sobre a vida de Emilia. A finalidade é que, tras unha busca polas diferentes salas, os participantes atopen as imaxes.









Na posta en común, os diferentes grupos de traballo explican ao resto da aula as imaxes atopadas, ben describindo o contido, ben acompañando aos demais ao lugar onde se atopan.

Tarjetas para cada grupo

			
	1956		
1912			
			1888

			
			
1851		Septiembre de 1906	
			1888

		<p>1851</p>	
			<p>1956</p>
		<p>1921</p>	
	<p><i>Pardo Bazán, Emilia</i> De mi tierra. 1888</p>		

			
			
		<p>1851</p>	<p>1912</p>
			

Los preparativos de las fotografías se realizan con un entusiasmo incandescente. Se derrochan placas, se aspira a fotografiarlo todo [...]. “La vida contemporánea”, *La Ilustración Artística* 19/IX/1904.

Actividade 4

O baúl das palabras

Grupo: 5 unidades
de 5 participantes

Espazo: sala 3

Tempo: 10 minutos

Anexo 3: fichas das
palabras

As descrições, a creatividade, a imaxinación e a lectura son ferramentas fundamentais para calquera escritora ou escritor. Emilia sabíao e por iso intentaba ler libros que lle abrisen os ollos doutros mundos.

No museo temos moitos bauis, algúns deles moi grandes, xa que servían para transportar obxectos ou o vestuario da escritora e da súa familia. Pero tamén temos pequenos cofres, caixas que agochan palabras.

É o momento de saber que se esconde no baúl das palabras e de intentar descubrir que mensaxes secretas quere transmitirnos Emilia. Para iso tedes que ordenar as seguintes palabras para construír frases que teñan sentido. Estas palabras forman cinco frases que escribiu Emilia ou que encabezan algún dos seus textos. Unha vez ordenadas, falaremos destas frases e do que significan.

1. mulleres hai homes, humanidade. Non nin hai

2. permanece escrito o Só.

3. Cando escribir a eu empecei

4. ningún é recordo... quero esquecer que non O

5. nunha película Vivimos plena

Solución:


1. Non hai mulleres nin homes, hai humanidade.
2. Só o escrito permanece.
3. Cando eu empecei a escribir...
4. O que non quero esquecer é ningún recordo...
5. Vivimos nunha plena película.

Para saber máis

Algunhas destas frases de Emilia permítenos coñecer a súa maneira de pensar e de vivir. O seu gusto pola escritura, a intensa vida que levou, a procura de recordos e a súa loita para que as mulleres puidesen escoller a vida que querían vivir, que puidesen ter os mesmos dereitos que os homes. Daquela a vida das mulleres era moi diferente á de agora...

- Que papel ten a muller na actualidade?
- A muller tiña os mesmos dereitos antes que agora?
- Na época en que naceu Emilia eran moi poucas as mulleres que traballaban fóra da casa, agora a situación é moi diferente... Que traballo desempeñan as mulleres nas vosas familias? En que traballaban as vosas avoas? E agora as vosas nais? Cambiou algo?
- Que cousas seguen igual na vida das mulleres, que vos pensades que aínda deben mudar?





**REAL
ACADEMIA
GALEGA**



**Deputación
DA CORUÑA**